



Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude debido ao retraso dun procedemento de discapacidade

Expediente: G.6.Q/5210/23

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2023

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxx referente ao retraso dun procedemento de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No escrito indica

“2022, mediante servizos sociais do concello das Neves, presentouse o seguinte procedemento: BS611A-Recoñecemento do grao de discapacidade -Nº rexistro: ... Este procedemento debe resolverse segundo o mesmo en 3 meses. Puxéronse dous recursos de alzada ao mesmo e seguimos sen resolución nin notificación de silencio nin da ampliación de prazas nin de nada. Os recursos de alzada, un para recoñecer o grao e outro contra o silencio, tampouco se han resolvido. Un deles xa venceu os 3 meses para resolver segundo lei 39/2015, é por eles que se entende estimado. Recurso de alzada 07/02/2023 ... Nº entrada ... Recurso de alzada 27/10/2022 ... Nº entrada ... Isto inflúe en que de estar exento da renda, caso de que se resolvese en prazo, atopámonos que debemos achegar máis de mil euros que non teríamos se resolvesen en prazo e forma o procedementos os recursos.”

2. Ante iso requirimos informe á Consellería de Política Social e Xuventude, que sinalou:

“Informe sobre a queixa presentada perante a valedora do pobo por ... en nome de ...

Núm. Queixa: G.6.Q/5210/23

En relación á solicitude de informe anteriormente referenciada expone o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro. ..., en nome de ..., compareceu perante a valedora do pobo mediante escrito de queixa no que indica: ...

Segundo. ... (en adiante a persoa interesada) ten en trámite os seguintes procedementos:

Procedemento BS611A: recoñecemento do grao de discapacidade

Procedemento BS210A: recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. Procedemento BS611A

A persoa interesada ten recoñecido un grao de discapacidade do 39% con carácter definitivo dende o 16/11/2015, recoñecéndoselle 7 puntos de dificultades de mobilidade para empregar transportes colectivos con carácter provisional desde 16/11/2015 ata 18/11/2018.

Con data 25/10/2022 a persoa interesada presentou unha solicitude de revisión do grao de discapacidade.

Con data 07/02/2023 presenta un escrito que cualifica como recurso de alzada (nº de entrada de rexistro ...). Unha vez examinadas as alegacións presentadas neste escrito tramitouse como reclamación administrativa previa.

O 22/05/2023 ditouse resolución desestimatoria da reclamación previa contra o silencio administrativo. Esta resolución foi notificada mediante correo postal o 25/05/2023 segundo consta no xustificante de recepción que obra no expediente.

Cuarto. Procedemento BS210A

O 17/10/2022 dítase resolución pola que se recoñece á persoa interesada unha situación de dependencia en grao II (52 puntos) con carácter permanente.

O 27/10/2022 a persoa interesada presenta recurso de alzada contra a resolución de recoñecemento da dependencia.

Con data 09/06/2023 (notificado o 13/06/2023) resolveuse desestimar o recurso de alzada formulado pola persoa interesada contra a resolución de recoñecemento da situación de dependencia do 17/10/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. *De acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa contra a resolución pola que se desestima o recurso de alzada interposto contra a resolución de recoñecemento da dependencia a persoa interesada pode interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa recepción.*

Segunda. *Tal e como se indicaba na resolución desestimatoria da reclamación previa contra o silencio administrativo, contra esta resolución a persoa interesada pode interpoñer demanda perante a xurisdición*

social no prazo de 30 días, contados desde a recepción da citada resolución, de conformidade co artigo 71.6 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

ANÁLISE

1. Confírmase o expresado na queixa; a revisión da valoración da discapacidade atópase retrasada, posto que iniciouse en 25-10-22 e segue sen resolverse, a pesar de que o prazo é de 3 meses.

A consellería non anuncia unha data previsible de valoración e resolución, co que a incerteza continúa.

2. A través de diferentes queixas coñecemos os retrasos que sofren as valoracións de discapacidade que se clasifican como estándar. Como resposta as actuacións da Valedoría (recomendacións, actuacións de oficio e comentarios nos informes ao Parlamento de Galicia), a consellería competente informou da aplicación de medidas para reducir eses retrasos, pero apreciase que, aínda que diminuíron, persisten esperas ata lograr que se fagan a valoracións.

3. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49).

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

Que con carácter xeral se habiliten as medidas anunciadas e as demais precisas para corrixir os retrasos nas valoracións de discapacidade, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o acceso aos eventuais beneficios; e que se resolva sobre a valoración da persoa afectada no presente caso, posto que se atopa demorada.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.



Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo